



"Déixase caer que as autoras estamos a copalo todo. Non é certo"

2 de decembro de 2022

<https://praza.gal/cultura/deixase-caer-que-as-autoras-estamos-a-copalo-todo-non-e-certo>

Barroco é a acumulación de aprendizaxes e experiencias que conforman a nosa identidade. Ou as outras, as subalternas, que quedaron fóra da Historia. Unha perda persoal que leva á devastación, ás feridas do colectivo. Ou os afectos como entorno seguro ao que acollernos. Varios piares temáticos sosteñen [Barroco \(Apiario\)](#), o novo poemario de Antía Otero. A autora respondeu as nosas preguntas por correo electrónico.

***Barroco* ten que ver coa historia da arte e coa posición nela das artistas. Por que o título *Barroco*?**

Eu estudei Historia da Arte, a miña formación escollida vén de aí. Neste libro quixen trazar un diálogo íntimo con esa fonte elixida e testar como se rozaba coa propia escrita. Pensamos que a identidade vénnos dada pero en realidade é adquirida aos poucos a través da aprendizaxe e das experiencias. Como un filtrado, unha decantación.

Barroco foi o termo que atopei para denominar a acumulación que nos constrúe como persoas, a luz e a escuridade, as feridas que nunca fechan senón que se actualizan e evolucionan, as intuicións e as certezas. É un libro que se rende, homenaxea e agradece ás iguais. As ascuas deste libro son atemporais. Se somos o que somos é porque existiron as outras, especialmente as subalternas, ás que deixaron fóra da Historia.

A morte, e a perda, están presentes desde o principio e parecen relacionarse co cotiá, cunha perda recente. En que sentido está a morte neste poemario?

O libro abre cun dó por unha persoa achegada, mais pouco a pouco ese dó trasládase ao territorio. Aceptar os transos, entender a morte como algo inevitable fainos estar máis próximas á vida e, dalgunha maneira, á idea do *Tempus Fugit* tamén é algo propio do Barroco. Mais a medida que o arco avanza, o dó por unha persoa física vai trocando nun sentimento comunitario centrado nas feridas e no territorio.

Porque que ocorre cando o territorio tamén está devastado? Neste baile de máscaras que cada día constrúen para nós vivimos tan de costas ao entorno, o maltrato á natureza é tan exhaustivo e continuado que cando queiramos regresar non teremos a onde. Mentres poetizamos o fume engaiolados pola nostalgia, mentres nos aferramos ao mal menor como solución ao presente inmediato, estamos deixando que se apropien das sementes, as chousas seguen a arder e os mares devolven plásticos e mortos. A perda sempre é colectiva aínda que a elaboración do dó sexa persoal.

A través da perda, e non só dela, senón do peso do cotiá, están moi presentes tamén os afectos, e a familia. Parte dos poemas parecen feitos de recordos de momentos vividos. É así? Que papel xogan os afectos?

A familia é esa parte da construción dunha identidade que vén dada, pero afortunadamente ao longo da vida tamén podemos desenraizarnos, e escoller outras familias que non son de sangue pero que sentimos aíns, coas que manexamos os mesmos códigos, que nos brindan unha poderosa sensación de pertenza.

Sexa como sexa o camiño precisamos de afectos para sosternos, dun entorno seguro, de coidados. Detectamos cando isto sucede, cando agroma un porto refuxio. É aí onde algo refluxe, unha parcela de confianza, onde nace o pan de ouro. En canto aos recordos, a literatura que máis me interesa é aquela na que estes son empregados como lanzadeira para levar á lectora aos seus propios ecos ou a lugares que os transcenden. A escrita cóase nas fendas, actualízase en cada liña, sente a vertixe, deriva, enche os ocos, xera pensamento, reconstrúe e constrúe un tempo propio. Se non fose así, sería outra cousa.

Os poemas levan nomes de cadros e son como facer un cadro escrito daos feitos ou dos pensamentos que acompañan a vida cotiá. Como se relacionan arte (pintura) e vida neste poemario? Como deberan relacionarse en xeral na poesía?

Non sei como deberían relacionarse coa poesía, entendo que os diálogos na escrita son algo moi persoal de cada autora, pero si podo contestar como se relacionaron neste libro. En *Barroco* a arte non é algo abstracto, senón que tende ao concreto na maior parte dos poemas, pode sinalarse, subliñarse no papel. Houbo moito de constrición e de procura formal neste libro.

Dende o primeiro momento prometínme, como quen fai un pacto persoal, que se ía a empregar un termo tan totémico, un estilo artístico tan recoñecido, debía pregarme a el e entregarme ata o final. O proceso foi unha contención constante e ao mesmo tempo un lugar de absoluta liberdade, de descubrimento e de riqueza. O feito cotiá e concreto dialoga constantemente co formal. As naturezas mortas, as apoteoses, os cadros de xénero, as paisaxes históricas ou as éxtases que hai no libro non o son unicamente porque leven ese título, sono porque o evento que expoñen, a arquitectura do poema e a emoción camiñan xuntas en cada texto.

En relación coa familia, parece establecerse unha conexión entre a memoria da infancia da voz poética e a infancia das nenas do presente. Ambas memorias pasan, quizais, pola aldea. E polo nexo que supón a avoa cariñosa e sensible. De que xeito a memoria serve de nexo entre as distintas xeracións?

Moitas veces téndese a romantizar a imaxe das avoas describíndoas así, cariñosas e sensibles, e se ben no meu caso eses adxectivos si responden ao recordo que teño dela, cómpre ampliar a mirada sobre as súas figuras, non reducilas nin infantilizar a relación que tiñamos ou temos con elas, o que nos ensinaron e aprendemos. Incluso é preciso desconfiar desas ensinanzas, porque

en moitos casos son reproducións de roles moi establecidos e correa de transmisión do patriarcado.

Non en van, as nosas avoas tamén eran mulleres que tiñan que lidar coa vida, coa sociedade e cos grandes poderes igual ca nós. Sacalo todo adiante día a día. Ver, oír e calar. Aínda que afortunadamente houbos que non calaron. Por iso a memoria. Que poderosa é a memoria. Non se constrúe sen unha distancia que permita analizar con maior precisión, permite posicionarnos, é bálsamo restaurador e ferida á vez, antídoto contra o esquecemento. E o poema, o poema é esa construción que consegue unificar todos os tempos posibles nun só tempo. Sentar a quen queiramos á nosa mesa, poñerlle a mellor vaixela pero comer do mesmo prato.

Unha parte dos poemas levan como subtítulo nomes de lugares, o que converte os poemas nunha sorte de postais de momentos vividos. É así? Por que? Que sentido ten a viaxe, ou o cambio de lugar, no poemario?

Como dicía antes, o libro abre coa elaboración dun dó no que se chega a unha emoción grande, por iso precisaba dar un respiro á lectora antes de convidala a entrar na última parte do poemario. Desexaba para ela ese banquiño que ás veces atopamos nas salas dos museos no que podes sentar, cambiar a posición do corpo e observar o que tes en fronte. Sempre penso na lectora cando constrúo un libro, no itinerario que desexo para ela, en que non se sinta abandonada. Ten moito que ver coa promesa.

As paisaxes históricas que están na metade do libro son polo tanto unha bisagra. Fan un percorrido por esas outras paisaxes que non son aquí, pero que foron un aquí importante nalgún momento. Imaxinábame á lectora cunha caixiña de metal entre as mans, lendo e revisando postais que un día alguén lle mandou dende algún lugar.

Sae varias veces o tema do desexo da eternidade e o do paso do tempo, que se relacionan, claro, coa morte. De que xeito se opoñen morte e desexo de eternidade neste poemario?

Traballei moito co concepto do efémero, que tamén é unha característica propia do Barroco. O efémero encerra nel mesmo a idea de desaparición, de fugacidade, pero tamén provoca o desexo irrefleable de apreixar o instante e polo tanto tratar de facelo eterno. Non hai nada máis frustrante que tentar tirar unha foto de algo que sabes que non pode ser capturado, porque o efémero vai da man do invisible, e quizais cando baixes a cámara e queiras atendelo xa non estea. Vive no intervalo das cousas. É unha rareza, o que escintila cando nada o fai. O único que nos queda é aproveitar a ocasión cando aparece, poñer todos os mecanismos do corpo en funcionamento e logo, con sorte, escribilo.

Hai no poemario unha linguaxe non rebuscada con figuras literarias que parecen moi pensadas. Niso recoñécese o teu estilo anterior. En que mudou o proceso de escrita deste libro respecto dos anteriores?

É moi pronto para dicilo. O libro fecheino hai tempo pero é agora, cando sae a luz, que o estou recoñecendo. Os libros renóvanse cada vez que alguén os le por vez primeira. O que si podo dicir é que con *Barroco* mudou o xeito co que me relacionei con determinados materiais. Nalgúns casos despedínme deles, nunca máis retornarei a eles cos mesmos parámetros que ata o de agora, fixen un punto final rotundo; noutros emerxeu unha abertura.

Parte dos poemas do final parecen estar feitos a partir da observación de cadros. Como foi neste caso o proceso de escrita? (Neles destácase como son representadas as mulleres).

O proceso de escrita foi o propio dunha éfrase, e ese é o nome que levan por título. Os poemas teñen moito de descrición, de detalle, moito de liña intermedia, un tanto de diálogo íntimo con esas obras en concreto. Foi un exercicio de meterse nas obras dende dentro, atender ás súas tensións, a súa emoción, a como afecta a experiencia visual. O punto máis álxido da observación. Unha sorte de acmé.

Nun momento a voz poética fala de que se sente mal, ao principio, cando delega o coidado das fillas para poder escribir. É unha reflexión moi pertinente, ademais, nun poemario que reflexiona sobre o papel das mulleres na arte. Que di o poemario de ti, tamén, como autora-artista?

Sempre trato este tipo de preguntas con moito respecto porque sinto que son unha persoa privilexiada e trato de revisar os meus privilexios constantemente. Ser nai dúas veces por elección propia e nun contexto propicio, dedicarlle todas as horas que podes a un traballo que amas e que ata o de agora tráechete en maior ou menor medida uns ingresos a final de mes e dispoñer dunha rede de coidados pode ser un privilexio.

Pero non por iso deixo de entrar en conflito constantemente co manexo dos tempos, coa problemática da conciliación e os autocoidados, e o lugar que lle queda á creación nese entramado no que a maior parte das veces, se non te impós, pasa a un terceiro ou cuarto plano porque sempre hai algo máis urxente, máis necesario que facer que encerrarte a escribir. Por veces sinto que se está a crear unha nova burbulla ao redor da literatura escrita por mulleres. Déixase caer que as autoras estamos a copalo todo. Non é certo, os números están aí e non enganar, pero é interesante ver como no actual estado das cousas calquera repunte da presenza das mulleres é entendido dese xeito.

Eu decidín xa hai tempo que se algo non me ía permitir era que me devorase a ansiedade e a crueldade na que nos queren facer vivir. A rolda do capitalismo e os seus mecanismos obríganos a estar en todas partes sen estar en ningunha. Os meus ritmos de escrita son lentos, si, sempre o foron. Saco un libro cada sete anos porque creo no repouso da escritura, pero tamén é así porque dispoñer de tempo de calidade para entregar a un proxecto pode chegar a ser unha odisea. Hai moito de político na lentitude, nese traballar á contra. Négome a producir, a ter que estar sempre presente porque iso sexa o esperable.

En varios lugares fálase de intemperie. Ás veces con imaxes tan potentes como a do estourido do apartamento. E por outro lado parece que se fala de apreixar os momentos compartidos, porque en calquera momento esfúmanse. Que é a intemperie neste poemario?

A intemperie en *Barroco* é un estado, ás veces físico, outras emocional. Ten moito que ver coa vertixe tamén. Pode ser un lugar no que non tes abeiro, un territorio xélido, un vendaval, un dioivo pero tamén pode ser unha crise, un cabreo monumental, unha inxustiza, as chamadas dunha fogueira. A miña relación con ese concepto débollo a Xela Arias que o traballou dun xeito total.

Tamén ten certa presenza o silencio familiar sobre o que pode mancar, e o enfado das xeracións actuais ante o silencio. Por que?

Susana Sánchez Arins no seu *Seique* conta dun xeito formidable o que implican os silencios familiares e como se irradian ata o colectivo e as xeracións futuras. Os silencios son ocos que moitas veces debemos encher dende as suposicións, dende o díxome díxome, hai moito de territorio imaxinado no silencio. O silencio é un motor para a creación e fainos ser arqueólogas vehementes, buscar vestixios para dar respostas a aquilo que de entrada non as ten.

É un libro ben maquetado, cunha portada bonita e que vén ademais con anaquiños de papel dourado. [Apiario](#), a vosa editora, coida ese tipo de detalles. Non foi un pouco raro editar na propia editora? En calquera caso, como foi o proceso de edición?

A palabra raro, como algo inhabitual, extravagante ou infrecuente, non tivo cabida no proceso de edición de *Barroco*. Máis ben foi algo totalmente natural. Non é a primeira vez que Dores Tembrás e mais eu editamos os nosos traballos en Apiario. Somos editoras, por suposto, pero ante todo somos autoras e é iso o que nos fai entregarnos á edición con tanta paixón e dedicación. E queremos facelo así, con esa naturalidade, respectando os nosos espazos e atendendo ao papel que cada unha de nós xoga en cada momento, aínda que ser da casa sempre implique quedar para o final. Desta volta foron dous anos de espera, pero tería agardado o que fixera falta só porque Dores Tembrás fose a miña editora. Non hai soño maior que saberse acompañada por ela.